

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN "SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAÚÍ" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "VACACIÓNS EN PAZ 2026".

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, dona Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento; o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; o Decreto 49/2024 do 22 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia; o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e a resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado no *Diario Oficial de Galicia* por Resolución de 1 de abril de 1991.

E doutra, dona María Isla Avión, con DNI 35.544.300-P, en calidade de presidenta da *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí*, con NIF G15924558, e con domicilio social en Avda. Alcalde Gregorio Espino, 57 baixo, 36205 - Vigo (Pontevedra), nomeada por acordo do 09/11/2019 do seu órgano de goberno, que actúa en nome e representación da entidade en virtude do disposto no artigo 24 dos seus estatutos.

As dúas persoas interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades, no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. As Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Segundo. A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os nenos, nenas e adolescentes (en adiante, NNA) deberán gozar da protección prevista nos acordos



internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro. A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro e, en virtude de dita competencia, aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto. A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 14.1.b) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a protección e a tutela das/os NNA en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil; na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/a menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil; na Lei orgánica 8/2015, del 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia; a Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia; a Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia; a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

Así mesmo, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, establece no artigo 4º, f) que os poderes públicos fomentarán a solidariedade como valor inspirador das relacións entre as persoas e os grupos sociais e impulsarán a implicación cidadá na superación das condicións que provoquen situacións de marxinación, dando prioridade ás accións encamiñadas ao logro e consolidación de formas organizadas e estables de solidariedade.

Quinto.- A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, establece no seu artigo 94 que a administración autonómica pode subscribir convenios de colaboración con entidades privadas sempre e cando as actuacións derivadas destes acordos se axusten aos principios e obxectivos formulados na mesma lei e ás prioridades e resultados do V Plan director da cooperación galega 2023-2026.

O artigo 84.2.c)2º da dita Lei establece, como unha das modalidades de actuación da cooperación galega, a cooperación económica-financeira no ámbito da acción humanitaria e axuda de emerxencia. Este ámbito de actuación recóllese do mesmo xeito na letra h) do seu artigo 85.



Sexto.- No citado V Plan Director da cooperación galega 2023-2026, establécense unha serie de prioridades xeográficas, transversais e sectoriais, entre as que se atopa a continuidade no traballo coa Poboación Saharauí.

De xeito específico, no Plan Anual 2026 da Cooperación Galega aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 9 de febreiro de 2026, recóllense os compromisos, os medios de actuación e os recursos orzamentarios do goberno galego para este ano e descríbense, dentro do ámbito da acción humanitaria, a formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí* (SOGAPS), co obxecto de mellorar as condicións de vida da poboación refuxiada saharauí, por un importe de 100.000 €, sen prexuízo de que ao longo do ano outros departamentos da Xunta de Galicia poidan desenvolver actuacións en materia de cooperación cuxa valorización se realizará ao final do exercicio, co fin de dar resposta a situacións de emerxencia ou crise humanitaria.

Sétimo.- A *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí*, que figura inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2004/007037/1 e no Rexistro de axentes de cooperación para o desenvolvemento, na sección de ONG, co número A-177 desde o ano 2004, ten, entre outros fins, o de contribuír á mellora das condicións de vida tanto dos refuxiados e refuxiadas saharauís, como da poboación residente no Sáhara Occidental. Esta asociación atopase inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E6742.

En cumprimento dos seus fins, a *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí* puxo en marcha o programa de *Vacacións en Paz 2026*, que ten como obxectivo o traslado a Galicia, de xeito temporal, de NNA saharauís procedentes de campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria), ofrecéndolles a posibilidade de coñecer modos de vida distintos ao clima de guerra no que están inmersos acotío, de xeito que iso contribúa á súa formación persoal e enriqueza as súas formas de comunicación e entendemento.

Oitavo.- Que, en consecuencia, e tendo en conta os obxectivos perseguidos co dito programa *Vacacións en Paz 2026*, cabe soste que esta actuación constitúe un obxectivo prioritario no marco da planificación económica en materia de cooperación para o desenvolvemento e correspóndelle á Consellería de Política Social e Igualdade participar no seu desenvolvemento.

Tamén se considera como un obxectivo prioritario para esta Consellería, o fomento dos acollementos familiares como medida de protección para estes/as NNA, e que a *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí* colaboraría neste obxectivo mediante a súa difusión ás familias participantes, por ser un colectivo especialmente sensibilizado coas necesidades dos/das NNA.

Noveno.- Que en consideración co exposto e en cumprimento do previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta a especificidade do referido programa, considérase conveniente a concesión directa dunha subvención a



través da sinatura do presente convenio de colaboración coa *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí*.

Tanto pola experiencia en cooperación para o desenvolvemento desta Asociación, como polos coñecementos específicos dos problemas que lle afectan ao pobo saharauí e polos traballos que con el vén realizando, en especial cos/coas NNA procedentes dos campamentos de persoas refuxiadas saharauís en Tindouf (Alxeria), esta entidade é a única que pode levar a cabo o *Programa Vacacións en Paz 2026*, polo que non resulta posible promover a concorrencia pública.

Décimo.- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Décimo primeiro.- Tendo en conta o que antecede, a Consellería de Política Social e Igualdade considera idóneo o impulso á *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí* para a execución do *Programa Vacacións en Paz 2026*.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben, de mutuo acordo, o presente convenio de colaboración que se desenvolverá de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é contribuír, a través da concesión directa dunha subvención, ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia para o desenvolvemento do *Programa Vacacións en Paz 2026*, da *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí*.

SEGUNDA. Beneficiarios/as do programa

Os beneficiarios/as das actuacións do programa son os 111 NNA saharauís.

TERCEIRA. Obxectivos e contido do programa

Son obxectivos do *Programa Vacacións en Paz 2026*, os seguintes:

1. Obxectivo Xeral: Trasladar a 111 NNA saharauís procedentes dos campamentos de refuxiados saharauís en Tindouf (Alxeria), para pasar dous meses de verán acollidos por familias galegas.



2. Obxectivos Específicos:

- a) Reivindicar o dereito dos/as NNA saharauís a vivir no Sáhara Occidental e poñer de manifesto a situación na que actualmente viven.
- b) Facilitar ás/aos 111 NNA asistencia médica estudando as posibilidades de sometelos a diferentes tratamentos segundo as súas necesidades, que resultan imposibles de levar a cabo nos campamentos de refuxiados. Estas e estes menores, xeralmente, presentan anemias debidas a unha deficiente alimentación, polo que a súa estancia con estas familias axudará a proporcionarlles un equilibrio nutricional, aínda que sexa con carácter conxuntural.
- c) Promover entre a sociedade galega os valores de tolerancia e solidariedade facilitando así a convivencia e integración de todas as persoas na comunidade.
- d) Perfeccionar a aprendizaxe destes/as NNA na lingua castelán e galega, a cal estudan nos programas escolares.
- e) Ofertar a estas/es NNA unha alternativa de lecer e tempo libre.
- f) Evitar a súa estancia nos campamentos durante os meses de xullo e agosto por ter as temperaturas máis altas de todo o ano (máis de 50°).

CUARTA. *Compromisos da entidade como beneficiaria da subvención, xustificación e control*

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 14.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos do *Programa Vacacións en Paz 2026*, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante a Consellería de Política Social e Igualdade o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.



d) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Política Social e Igualdade, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Asemade a entidade beneficiaria deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

j) Desenvolver o *Programa Vacacións en Paz 2026* tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de NNA e a primacía do superior interese do/a menor sobre calquera outro.

k) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

l) Desenvolver o *Programa Vacacións en Paz 2026*, obxecto da concesión dunha subvención a través deste convenio, tendo en conta a lexislación vixente en materia de inmigración, especialmente o Real Decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba



o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, así como as resolucións aplicables ditadas polo órgano estatal correspondente en materia de emigracións, nas que se recollan as instrucións polas que se determine o procedemento para autorizar a residencia temporal de NNA e a estancia das/os monitores de orixe saharauí en España, no marco do *Programa Vacacións en Paz 2026*.

m) Ter concertada unha póliza de seguro colectivo, seguro de responsabilidade civil e seguro de repatriación. Esta póliza cubre as/os 111 NNA saharauís, procedentes dos campamentos de refuxiados saharauís en Tindouf (Alxeria).

n) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, as datas de regreso das/os 111 NNA unha vez finalizado o *Programa Vacacións en Paz 2026*, así como as incidencias que puidesen producirse durante o seu desenvolvemento.

ñ) Dar a coñecer o *Programa Vacacións en Paz 2026* mediante a entrega a todas as familias de acollida que participen no seu desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ben a través da entrega de trípticos, ou ben de xeito directo a través de charlas, reunións ou calquera medio que permita a súa difusión.

o) Asesorar as familias acolledoras respecto dos problemas ou incidencias que puideran xurdir.

p) Sen prexuízo do establecido na cláusula oitava sobre a protección de datos persoais, a Entidade esixiralle, tanto ao persoal propio como a aquel persoal voluntario que participe no *Programa Vacacións en Paz 2026*, un compromiso de confidencialidade sobre aqueles datos aos que teñan acceso pola súa participación neste programa.

QUINTA. Persoal para o desenvolvemento do programa

Ademais do persoal propio co que conta a asociación para a execución do *Programa Vacacións en Paz 2026*, en relación cos/coas NNA e de acordo coa lexislación internacional en materia de seguridade aérea, estas/es desprázanse desde o seu lugar de orixe acompañados por monitores/as e acompañantes que colaboran coa *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí*.

Estas persoas deberán cumprir coas esixencias recollidas nas resolucións aplicables nesta materia ditadas polo órgano estatal competente en materia de emigracións no marco do *Programa Vacacións en Paz 2026*.

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que participen no dito Programa, sexan pertencentes a *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí* ou sexan monitores/as ou acompañantes dos/das NNA, coa Consellería de Política Social e Igualdade, polo que



non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SEXTA. Condicións económicas

1. O *Programa Vacacións en Paz 2026* en Galicia ten un custo global estimado de 509.431,94€ dos que a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a cantidade de 100.000,00 €, destinados exclusivamente ás actuacións obxecto deste programa. Dito importe vén reflectido na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, partida orzamentaria 08.02.312B.481.0. e código de proxecto 2016 00174.

A devandita achega económica límitase á compensación de gastos desagregados no Anexo e en ningún caso supón beneficio económico para a *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí*. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada pola Xunta de Galicia non varíe.

2. O pagamento da cantidade achegada pola Consellería de Política Social e Igualdade realizarase, en aplicación do artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a través dun único pago anticipado polo total da cantidade subvencionada, 100.000,00 euros.

A este respecto, a entidade beneficiaria queda exonerada de constituír as garantías a que fai referencia o artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

3. As actividades que conforman o programa obxecto de subvención a través deste convenio e os gastos subvencionables derivados da súa execución segundo o reflectido no Anexo, deben xustificarse de conformidade co previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto debe presentarse:

- a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º Unha relación clasificada dos gastos das actividades, coa identificación das persoas acreedoras e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención se outorgue consonte a un orzamento indícaranse as desviacións producidas.

2º As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior, como documentación acreditativa do pago,



que serán cotexadas por parte da Consellería de Política Social e Igualdade e demais órganos de control competentes, e estampadas cun selo que acredite a súa imputación ao programa a subvencionar a través deste convenio.

3º Nos casos nos que proceda, e de conformidade co disposto no art. 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas a diferentes provedores cando o importe do gasto subvencionable supere as contías que no mesmo se sinalan.

4. En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles, os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas, agás oposición expresa da *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí*, en cuxo caso deberá achegar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga, para o outorgamento da subvención:

- a) NIF da entidade.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- d) Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- e) Certificado sobre o cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar á Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí a presentación dos documentos correspondentes.

5. Dado que os gastos realizados e pagados do programa a subvencionar a través deste convenio serán os comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 20 de novembro de 2026, a xustificación deberá presentarse na Consellería de Política Social e Igualdade con data límite do 30 de novembro de 2026.

A *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí*, no momento da xustificación da execución total do *Programa Vacacións en paz 2026*, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.



A *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí* comprométese a achegar, dentro do prazo de xustificación, cantas facturas, nóminas e demais documentos de carácter contable lle sexan requiridos pola Consellería de Política Social e Igualdade.

SÉTIMA. Compatibilidade

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actividades que constitúen o *Programa Vacacións en paz 2026* que vai desenvolver a entidade beneficiaria da subvención.

OITAVA. Información básica sobre protección de datos persoais

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas en execución do programa que se subvenciona a través deste convenio e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se deriva da xestión da concesión directa da subvención a través deste convenio, que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro; da Lei 9/2007, do 13 de xuño; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de



Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

NOVENA. Comisión mixta de seguimento

Para o seguimento da execución deste convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, a proposta da súa modificación ou resolución e os efectos que se poidan derivar, prevese a creación dunha comisión mixta que estará formada polos seguintes membros:

a) Dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade; unha delas será o/a titular da Subdirección Xeral competente en materia de Política Familiar, Infancia e Adolescencia, que actuará como presidente/a da comisión e, no seu caso, os/as respectivos suplentes, designados/as pola persoa titular desta Consellería.

b) Dúas persoas representantes da *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí e*, no seu caso, os/as respectivos/as suplentes, designados pola súa presidencia.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e, no seu caso, a persoa suplente, as cales serán designadas pola persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actividades que conforman o programa a subvencionar a través do presente convenio.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de



decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA . Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 30 de novembro de 2026.

DÉCIMO PRIMEIRA. Natureza xurídica e cuestións litixiosas

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o programa obxecto do convenio.



d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora acumulados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo das actividades que conforman o programa subvencionado a través deste convenio.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO TERCEIRA. *Comunicación, divulgación e publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto nos artigos 15 e 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005 do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, así como no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

E, en proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio no lugar e data da súa sinatura dixital.



A Conselleira de Política Social e
Igualdade

A presidenta da Asociación Solidariedade
Galega co pobo Saharauí

Fabiola García Martínez

María Isla Avión



Anexo

Distribución dos gastos subvencionados para o Programa Vacacións en Paz 2026:

TIPO DO GASTO	CUSTO (€)
Billetes de ida e volta de 111 NNA saharauís (890 € por menor)	98.790,00 €
Seguro de responsabilidade civil de 111 NNA saharauís	548,60 €
Seguro de accidentes colectivo e repatriación dos 111 NNA saharauís.	661,40 €
Total	100.000,00 €

